

Ante la pizarra

Esta pizarra no es otra que el pintoresco pueblecillo de la provincia de Málaga donde hoy se reunirán los magnates del Gobierno que con el alto comisario van a decidir la suerte que puedan correr las operaciones y con ellas nosotros que las sufrimos.

Todas las pizarras suelen ser negras, pero esta lo es más que ninguna debido quizá a los oscuros nubarrones que cierran el cielo como amenazando descargar una tempestad de pasiones e intereses.

Como el público espera la lista de la lotería de Navidad ante una pizarra periodística así espera España entera a uno y otro lado del Estrecho a que se rompa el misterio de esta conferencia y sobre el fondo negro de la tenebrosa política marque la albura del clarión la nueva ruta a seguir.

En su doble carácter de marino y financiero asiste el marqués de la Cortina. Pronto sabremos si la nación puede o no resistir el enorme gasto que esta guerra supone. El marqués decidirá. Espéremos a que se corra la cortina.

Esta ansiedad ha llegado hasta los campamentos donde todas las miradas se dirigen hacia la ya histórica pizarra ansiosa por saber la papeleta que les tocará resolver en tan intrincado problema.

BEN-CHO-SHEY.

En los campos africanos, 5 Febrero de 1922.

Prosas de Risco

Leonardo Coimbra en Madrid

Pol-o idioma—e un idioma é unha civilización—a Península Ibérica divídese en tres bandas verticais: a banda galego-portuguesa, a banda castelán e a banda catalana. N-o mundo do pensamento, estas tres civilizacións ibéricas, áchanse encarnadas en tres homes representativos: Leonardo Coimbra, Xosé Ortega e Gasset y-Euxenio D'Ors.

O pensador occidental chegou agora a Madrid, a capital da banda central, pra espoñer, no mais europeo dos centros culturais d'aquela vila — a Residencia

d'Estudantes—o nóso xeito de pensar.

A saudalo saiu á estación un fato numeroso de nazionalistas galegos. Esto indica ben como nós temos ó ilustre pensador lusitano por un dos nosos, por un representante enxebre do pensar da nosa raza occidental. Podemos telo n-iste concepto, porque Leonardo Coimbra é ares-tora o sistematizadore do idealismo va-garoso, feito d'inspiración da Terra e de lembranzas céltigo-paganas que latexa no fondal do noso pensamento poético racial. As xeneracións novas da Galiza decatáronse ben, no seu labore de re-freusión en col dos valores autóctonos, de que o lirismo trascendente da grande Rosalía era ó fin saudosismo e criacionismo, embora non espresado en forma filosófica, mais non por iso deixando de ter en sí a semente do que hoxe se fai doutrina.

Hoxe, o pensamento occidental, na persoa e nas verbas de Leonardo Coimbra, vaíse enfrentar con pensamento da banda central. Esto é unha boa cousa: un mutuo coñecemento antr'os homes de pensamento dos diversos países peninsulares, pode faguer moito pra ensinar ós casteláns a respeitaren as modalidades de civilización diferentes da súa, e que por ansias de viviren, quérense arredar da súa tendencia sorbente e imperialista, servida, non pol-as millores razóns, senón pol-os médeos que a posesión do poder político lles pon nas maus.

De todol-os xeitos, a estada de Leonardo Coimbra en Madrid é unha xurdia afirmación da persoalidades e do xenio occidental, hoxe en renacencia criadora por toda a banda atlántica da Europa.

Vicente Risco.

Si usted quiere tener éxito en sus negocios, anúnciese en
LA ZARPA.